

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. González Iglesias (2004): “Denominacións para ‘ceo’ e ‘nubes’ en galego moderno”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 509-516.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

DENOMINACIÓNS PARA “CEO” E “NUBES” EN GALEGO MODERNO

Mirian González Iglesias

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

O traballo que imos presentar a continuación, encádrase dentro do labor de investigación que se está a levar a cabo no Instituto da Lingua Galega (ILG), ó redor do proxecto do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, no que respecta ós distintos tomos de Léxico, que nestes momentos están en proceso de elaboración. Deste xeito, a información principal, que foi a que utilizamos para a realización dos mapas, vén subministrada directamente da Base de Datos do ALGa, sendo esta ampliada co material do Arquivo do Galego Oral do ILG e con distintas monografías de particular interese.

Na creación dos mapas, optamos por prescindir da representación fonética das distintas formas, xa que isto podería desviar a atención da finalidade do noso estudo, eminentemente semántico. De tódolos xeitos, aparecen moitas veces pequenas anotacións de índole fonética cando o consideramos pertinente, fundamentalmente nas notas situadas na marxe inferior do mapa. Tamén prescindimos das distintas formas que só se rexistraban nun punto do territorio lingüístico galego, xa que tampouco resultaba rendible a súa presenza na lenda.

Para a recolleita dos datos concretos relativos a este campo léxico, seleccionamos nove entradas do *Cuestionario* do ALGa. Estas son: 604- Nube, nubre; 605- Nube baixa, nubeiro; 606- Castelos, nubes de trono; 607- Anubrar, cubrirse o ceo de nubes; 608- Ceo; 609- Ceo ovellado; 610- Ceo empanigado, cardado; 611- Ceo nubrado e 612- Roibén.

Ante a imposibilidade de tratar máis polo miúdo todos estes termos en tan breve espacio de tempo, centrarémonos nos dous principais que vertebran o conxunto, como son “Ceo” e “Nube”, empregando o resto como material comparativo e complementario cando sexa necesario.

Antes de dar comezo a esta exposición, só queda dicir que o que pretendemos é dar unha idea xeral da situación que estes conceptos presentan dentro do galego oral, cunha

explicación e distribución das diversas formas que os representan, comparando todo isto cos resultados que aparecen nos dicionarios do galego de uso máis común¹.

1. DENOMINACIÓNS DE “CEO”²

Como xa comentamos anteriormente, neste traballo non imos ter en conta as distintas variantes de realización de cada unha das bases léxicas que aparezan, xa que este non é un traballo de fonética. De tódolos xeitos, no mapa que estamos a tratar nestes momentos, é necesario facer unha pequena mención das variantes máis xerais ante a inexistencia de bases léxicas diferentes para a denominación do “Ceo”. Así, prescindindo das distintas realizacións do fonema fricativo ou da vocal palatal segundo a zona, seguimos un criterio máis xeral de selección, segundo a palabra presente algunha variación formal respecto da forma “ceo”, que tomamos como base por se-la maioritaria en toda Galicia e que coincide coa aceptada como normativa. Deste xeito, podemos distinguir unha pequena franxa occidental formada por puntos do oeste da Coruña e Pontevedra e mais un punto illado de Lugo, situado en Sober (L.39), onde aparece a variante fonética con vocal final velar de abertura mínima: “ceu”, presente nalgunha zona conxuntamente coa forma xeral “ceo”.

Outra variante que nos pode axudar a delimitar outra posible área lexical é a que presenta i epentético: “ceio”. Esta, despois da xeral, é a máis abundante e aparece tamén moitas veces, como sucedía no caso anterior, xunto coa forma tomada como base. O territorio que abarca é bastante amplo, xa que inclúe o norte da Coruña, case todo Lugo exceptuando os puntos máis interiores, a franxa suroriental de Ourense e unha pequena zona do sur de Pontevedra, así como tamén algún lugar illado.

Doutra banda, en dous puntos moi próximos xeograficamente, como son Dodro (C.46) e Catoira (P.6), atopamos a forma (moi chamativa): “cen”, rematada en consoante nasal e con realización seseante. A inexistencia na mesma zona de formas do tipo “centén” ou “chen”, que si aparecen no galego exterior, fainos pensar que mais que un problema de sufixación o que temos diante é a extensión do termo empregado para a designación das tempas: “sen”, para o padal, que aquí denominan “/s/en da boca”, coa conseguinte confluencia co termo empregado para a bóveda celeste, que é “/s/en”.

¹ A. Alonso Estravís, *Dicionário da Lingua Galega*, Madrid, Alhena, 1986.
M.^a C. Ares *et alii*, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986.
E. Rodríguez González, *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Vigo, Galaxia, 1958.
RAG / ILG, *Diccionario da Lingua Galega*, A Coruña / Santiago de Compostela, 1990.
ILG / RAG, *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (Versión provisional), [1989].

² O mapa 1 do anexo corresponde ó mapa 15 (“ceo”) do *Atlas lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, coordinado por F. Fernández Rei, [A Coruña], Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003. Na redacción deste relatorio baseárame no borrador deste e doutros mapas, inéditos en setembro do 1996.

Outra variante cunha clara delimitación xeográfica é o castelanismo “**cielo**”. Este aparece ó redor da ría da Arousa nos puntos de Rianxo (C.47), Boiro (C.48), Ribeira (C.49), Cambados (P.12), O Grove (P.13) e outros máis próximos á de Pontevedra como Lérez (P.15) e Sanxenxo (P.16). A outra área de aparición do castelanismo é a do galego exterior, que abarca algúns puntos de León e Zamora e todos os de Asturias, xunto con algún de Lugo e Ourense moi próximos ós anteriores, como son Negueira (L.19) e Carballeda (O.9).

Chegados a este punto, resultaría interesante realizar un estudio comparativo entre os resultados expostos ata o de agora cos que presenta a entrada do *Cuestionario*: “Ceo da boca, padal”, para comprobar se hai unha plena coincidencia de resultados entre os distintos puntos de ambas entradas ou existe variación entre elas, nun intento de buscar unha especialización entre os dous termos. Para isto, o que fixemos foi prescindir dos puntos onde este concepto recibe as denominacións propias do tipo: “padal”, “padal da boca”, “teito da boca”, “padal de arriba” ou o castelanismo “paladar”. Estes termos aparecían só en 32 puntos en toda Galicia que pertencían exclusivamente ás provincias da Coruña, Lugo, Asturias e León. Nos 135 restantes, atopámo-los seguintes resultados: na maior parte dos puntos existe unha total coincidencia entre as formas das dúas entradas. Así, en Mazaricos (C.33) por exemplo, temos “ceu” e “ceu da boca” e en Catoira (P.6) “cen” e “cen da boca”, como antes comentamos. Pero chama a atención o feito de que cando aparece o castelanismo “**cielo**” para a denominación da bóveda celeste, o resultado non é sistemático. Na maior parte dos puntos do galego estremeiro, non en todos, onde aparecía o castelanismo, presentan tamén a forma “cielo da boca”, pero isto non sucede nunca nos da provincia da Coruña e Pontevedra. Estes manteñen a forma tradicional “ceo da boca” agás en Cambados (P.12), onde ó lado das formas “ceo da boca” ou “ceu da boca” tamén é posible a esporádica “cielo da boca”. Se engadímo-lo feito de que, á parte destes casos, só existe un punto en toda Galicia como é Ortoño (C.39), no que aparece a combinación “ceu” e “cielo da boca” ou “ceu da boca”, podemos afirmar que estamos ante unha especialización de termos de xeito que é moi pouco habitual na nosa lingua a forma “cielo da boca”, agás nesas zonas do galego estremeiro nas que estaría presente a influencia do castelán. Para este termo o máis habitual é a utilización da forma tradicional, como comprobamos nos puntos da Coruña e Pontevedra ou incluso do galego estremeiro onde ó lado de “cielo” para a bóveda celeste, aparecen as formas diferenciais “ceu da boca” ou “ceo da boca”. Isto leva a pensar, ademais, para o primeiro termo, nunha evidente influencia da Igrexa, tan vixente na nosa cultura, e que sempre utilizou, como todo sabemos, o castelán como lingua de comunicación. Quedaría así explicada a aparición do castelanismo neses puntos da Coruña e Pontevedra para a bóveda celeste e evidenciada a utilización da forma tradicional galega para a denominación do padal.

No resto dos puntos onde non coinciden os dous termos, aparece unha variante da forma tradicional para o primeiro e outra para o segundo. Así, en Vilariñofrío (O.11) por exemplo, temos “ceo” e “ceio da boca” respectivamente.

Despois de remata-lo comentario e posterior estudio comparativo relativos ó “Ceo”, pasamos agora á análise do seguinte termo, que é “Nube”.

2. DENOMINACIÓNS DE “NUBE”³

No mapa 2 resulta evidente o absoluto predominio en todo o territorio lingüístico galego do tipo lexical **“nube”** e as súas variantes formais, especificadas nas Notas que acompañan o mapa. Por outra parte, podemos delimitar unha pequena zona próxima a Portugal, situada no sudoeste de Ourense, e formada por Cualedro (O.25), Entrimo (O.26), Baltar (O.27), Lobios (O.31) e Padrenda (O.19), onde aparece o tipo lexical **“néboa”**, que resulta significativo por designar habitualmente un concepto relacionado con este pero ben distinto. Atopamos tamén, no territorio lingüístico galego, o castelanismo **“niebla”**, presente como forma única só en dous puntos do galego exterior e acompañando o resto das veces á forma xeral e máis abundante **“nube”**. Na mesma liña estarían **“nebra”**, termo non introducido na lenda por estar presente exclusivamente nun punto en toda Galicia, como é o Incio (L.33); ou **“nuboeiro”**, que en Espiñaredo (C.6) serve tamén para denomina-lo concepto que estamos a tratar.

Toda esta información de carácter tan diverso, sitúanos ó redor dunha serie de termos e contidos que entran en xogo para a denominación de “Nube” e que teñen unhas repercusións moito máis importantes se as comparamos cos distintos resultados que, por exemplo, presenta a entrada do *Cuestionario*: “Nube baixa, nuboeiro” ou a non específica deste campo léxico, pero que dende este momento queda implicada, “Néboa, brétema”.

Así, imos ir analizando cada unha das formas, contrastándoas cos resultados que presentan as dúas entradas anteriormente comentadas e exemplificando todo isto co seguinte cadro sinóptico:

| NUBE | NÉBOA | NUBE BAIXA, NUBOEIRO |
|-----------------|--|---|
| néboa | néboa (O.19,O.25,O.27) nuboeiro (O.26,O.31) | néboa de auga (O.25) néboa baixa (O.26) nuboeiro (O.27, O.31) |
| nebra | nebras | nebra baixa |
| nuboeiro | | nuboeiro |

Nos cinco puntos de Ourense onde **“néboa”** serve para denomina-la “Nube” comprobamos que tamén utilizan esa forma ou a derivada **“nuboeiro”** para “Néboa, brétema” e termos do tipo **“néboa de auga”** en Cualedro (O.25), **“néboa baixa”** en Entrimo (O.26) ou **“nuboeiro”** en Baltar (O.27) ou Lobios (O.31) para “Nube baixa, nuboeiro”.

³ O mapa 2 do anexo corresponde ó mapa 46 (“nube”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

Os datos relativos á forma **"niebla"** non son tan rechamantes, xa que para designa-la "Nube" aparece sempre acompañando a forma xeral como alternativa secundaria. De tódolos xeitos, é tamén curioso o feito de que en puntos como Soutomaior (P.19) este termo poida servir tanto para o concepto de "Nube" como para o de "Néboa, brétema" e **"nieblas baixas"** para o de "Nube baixa, nubeiro".

Resultan tamén moi interesantes os resultados que atopamos no Incio (L.33). Era aquí onde aparecía o termo **"nebra"** para a "Nube", forma que tamén empregan con pequenas variantes para a denominación dos outros dous termos en cuestión. Así, utilizan nesta zona **"nebras"** para o concepto de "Néboa, brétema" e **"nebra baixa"** para o de "Nube baixa, nubeiro". Por outra banda, en Espiñaredo (C.6), onde rexistramos **"nuboeiro"**, tamén utilizan este termo para "Nube baixa, nubeiro".

Coa sistematización destes datos, podemos concluír que no territorio lingüístico galego existen, para a denominación desta serie de conceptos, formas arquilexemáticas para abarcar contidos xeralmente distintos. O mesmo sucede noutros puntos con respecto á entrada "Nube baixa, nubeiro", na que se poden atopar solucións como as que presenta o seguinte cadro:

| NUBE BAIXA | NÉBOA |
|----------------------|---|
| néboa (P.25) | néboa, neboeiro, niebla |
| niebla (O.2) | niebla, brétema |
| neboeiro (P.21,P.23) | neboeiro, néboa, brétema (P.21) néboa (P.23) |

Neste caso, queda aínda máis claro como este tipo de contidos non están claramente definidos en cada zona, xa que moitas veces non se diferencia ningún deles, como evidencia a utilización do mesmo termo para a denominación de conceptos habitualmente distintos. Para a explicación deste grupo de series arquilexemáticas non debemos esquecer a importancia que poden ter as condicións xeográficas e climáticas en cada un dos puntos analizados, de xeito que non resulta nada raro que en zonas costeiras ou da alta montaña, por exemplo, conceptos como "Nube" ou "Nube baixa" estean máis supeeditados ó de "Néboa".

Por outra banda, é evidente a ausencia nos dicionarios deste tipo de confluencias de significado entre conceptos, polo xeral distintos, xa que só adoitan aparecer delimitados no que ó seu contido xeral se refire.

Imos dar paso agora a trata-la cuestión da proposta do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)* para o concepto "Nube baixa, nubeiro". A forma elixida era **"nuboeiro"**, presentada como preferente ante **"nubeiro"** por se-la máis corrente na fala popular. Pero se observámo-los datos do ALGa, podemos comprobar que **"nuboeiro"** só aparece recollido en Castrelo do Val (C.22) e Espiñaredo (C.6), ó lado da variante **"nubueiro"** empregada en Aranga (C.20). Habería que engadir unha serie de puntos secundarios como son Laxe, Feás ou Salvaterra, nos que tamén está documentada esta

forma. En contraste con estes datos, “**nubeiro**” presenta unha distribución xeográfica que conforma unha área lingüística claramente diferenciada que colle puntos do sueste coruñés e outros próximos a estes, da provincia de Lugo. Se engadimos a isto o feito de que ningún dicionario dos consultados, como o Xerais, o Dicionario da Real Academia Galega ou o Estravís entre outros, non recollen a forma “**nuboeiro**”, senón que en todos aparece “**nubeiro**”, e que dende un punto de vista exclusivamente lingüístico esta é a forma máis lóxica; non cabe dúbida de que é necesaria unha revisión do *VOLGA* neste sentido. Deste xeito, na súa próxima versión renovada será introducida a entrada “**nubeiro**” como preferente ante a anteriormente seleccionada “**nuboeiro**”.

Chegada xa a conclusión deste traballo, cremos necesaria unha reflexión sobre os resultados obtidos no relativo a este campo. Puidemos comprobar, ó longo desta exposición, o feito de que cando se está a realizar un traballo de semántica, son numerosos os casos nos que se poden observar influencias indirectas sobre a lingua de factores fundamentalmente extralingüísticos, como poden ser a orografía do entorno, as diversas condicións climatolóxicas de cada zona ou determinados hábitos de tipo social. Todo isto fai que sexa posible intuír unha serie de áreas lexicais, que quedarían máis claras cunha exposición de tódolos conceptos implicados neste campo léxico e que serán expostos en próximos traballos sobre o tema.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Atlas lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, coordinado por F. Fernández Rei, [A Coruña], Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.
- Barros-Ferreira, M., “Os medos infantís na Galiza e em Portugal”, Vol. VI, *ACFL*, 1994, pp. 391-404.
- Corral, E., “Denominacións galegas da curuxa”, *Verba*, 12 (1995), pp. 183-197.
- Coseriu, E., “Para una semántica diacrónica estrutural”, en *Principios de semántica estrutural*, Madrid, Gredos, 1977, pp. 11-86
- *Gramática, semántica, universales*, Madrid, Gredos, 1981.
- Fidalgo Francisco, E., “A onomatopeia como creadora da denominación da chuva/chover”, en M. Brea / F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe a Constantino García*, Vol. I, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 163-169.
- González M./ Santamarina, A./ Fernández Rei, F., “Contribución al estudio de los días de la semana en la Rumania: lunes y martes”, *Atlas Linguarum Europae*, Congrès de L’Atlas Linguarum Europae, 1991, pp. 89-117.
- Lindley Cintra, F. L., *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Boletim de Filologia, Lisboa, 1962.
- Pottier, B., *Lingüística moderna y Filología hispánica*, Madrid, Gredos, 1980.
- Trujillo, R., “La semántica”, en Abad F./ García Berrio, A., *Introducción a la semántica*, Madrid, Alhambra, 1993, pp. 185-212.
- *Elementos de semántica lingüística*, Madrid, Cátedra, 1980.
- Ullmann, S., *Semántica. Introducción a la ciencia del significado*, Madrid, Aguilar, 1976.



- c[ɛ]o
- c[ɛw]
- c[ɛ]io
- ⊙ c[ɛ]n
- ★ c[je]o

NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 608 'ceo' do *cuest. do ALGa*.
2. Para a realización fonética de <c-> véx. *ALGa* III, mapa 165.
3. Rexistrouse *ceu* en P.29; *ceio* en C.2 e L.27; c[ɛ]io e *ceio* en L.14; *cielo* en L.e.5.
4. A seguir confróntase a resposta á pregunta 608 'ceo' coa resposta á pregunta 2131 'ceo da boca, padal': *ceo* pero *ceu da boca* en C.11, C.12, C.15, C.16, C.24, C.39, C.42, L.29, P.28, P.30 e P.32; *ceo* e *ceio* pero *ceo da boca* en C.14, L.22, L.27, L.33, O.3, O.5, O.17, O.26, O.28 e P.9; *ceo* e *ceio* pero *ceio da boca* en L.37, O.31, P.7 e P.23; *ceo* e *cielo* pero *ceo da boca* en P.15; *ceo* e *cielo* pero *ceu da boca* en L.e.2; *ceo* e *cielo* pero *ceio da boca* en Z.2; *ceu* pero *ceu da boca* e *ceo da boca* en C.43; *ceu* pero *ceo da boca* en L.39; *ceu* pero *ceu da boca* e *cielo da boca* en C.39; *ceu* pero *ceio da boca* en O.11; *ceu* e *cielo* pero *ceo da boca* en P.16; *ceu* e *cielo* pero *ceo da boca* e *cielo da boca* en P.12; *ceio* pero *ceo da boca* en C.7, L.6, L.9, L.14, L.32, L.38, O.7, O.18, O.19, O.30 e P.20; *ceio* pero *ceio da boca* e *ceo da boca* en L.7; *ceio* pero *cea da boca* e *ceia da boca* en L.18; *ceio* e *cielo* pero *ceio da boca* en O.9; *cielo* pero *ceo da boca* en C.49, P.13 e Z.3; *cielo* pero *ceu da boca* en C.48; *cielo* pero *cen de arriba* en C.47; *cielo* pero *celo da boca* en A.4; *cielo* pero *ciego da boca* en A.1.
5. En C.3 e O.28 *ceo* é máis frecuente.
6. En P.12 *cielo* é forma común, pero na xente maior aínda se rexistra *o ceu*.
7. En P.16 *cielo* é máis frecuente.

Mapa 1: "CEO"



| | |
|------------|--------------|
| ○ nube | ▲ n[e]boa |
| ● nubre | ▼ n[e]bra |
| ⊙ nurbe | ★ n[je]bla |
| ◐ nuble | ◆ barrón |
| ⊗ nuboeiro | ■ meato |
| ⊙ anubrado | ✚ cara moura |
| ⊕ anublado | |
| ★ nublado | |

NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 604 'nube' do *cuest. do ALGa*.
2. Rexístrouse *nubes* en L.14, O.12, O.22, P.26, A.3 e A.7; *nubres* en L.23 e L.e.3; un *anubrado* en L.29; *anubrados* en L.e.3; *anublados* en O.2; *nublaos* en Z.1; *n[e]boas* en O.27; *n[e]bras* en L.32; *n[je]blas* en O.22, P.24 e Z.3.
3. En C.1 *cara moura* designa unha nube negra.
4. En C.9 *barrón* é unha nube alongada; tamén o refrán *barrón de cabo a cabo, nordeste declarado*.
5. En C.12 e A.2 *nubre* rexístrouse entre as xeracións máis velhas.
6. En C.20 rexístrouse tamén *nubes raxadas* para referirse ás alongadas á postura do sol.
7. En C.36 e O.3 *nube* é máis frecuente.
8. En L.32 rexístrouse o refrán *cando vexas ir as nebras para o Cebreiro, colle a capa e o sombreiro*.
9. En L.33 rexístrouse o refrán *vai a nebra para o Cebreiro, colle a capa e o sombreiro; van as nebras para o Carballal, colle o mallo e vai mallar*.
10. En L.35 *meato* é unha nube pequena.
11. En L.37 *niebla* é máis frecuente.
12. En O.2 dise que os *anublados* tapan o sol.

Mapa 2: "NUBE"